Concello de Cedeira Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal
Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE OUTUBRO DE 2026

PRESIDENTE:
PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:
Mª JOSÉ PERNAS DÍAZ
ISMAEL DURÁN BEREIJO
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIO:
FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

INTERVENTORA:
Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 16 de outubro de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. PABLO DIEGO MOREDA GIL, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario o titular da Corporación, don FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 02.10.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 02.10.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2026 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000313

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 02.10.2026, que literalmente di:

"**INFORME- PROPOSTA**

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2026 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000313.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

ANTECEDENTES
Datos ben inmoble:
Enderezo:
Ref. catastral:
Nº fixo recibo: 253000643619
Exercicios: 2026

Primeiro. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo dda taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2026, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito impoñible

O artigo 2 da norma municipal define o feito impoñible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFo11q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación".

V. Inscrición e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: "Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda".

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos correctos de titularidade do ben inmoble para o exercicio 2026, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DEREITO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e baixa en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2026 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643619	20263515022RL01R003777					2026

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2026 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFo11q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643619	20263515022RL01R003777					2026

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida do lixo correspondente ao exercicio 2026 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de deivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

3. APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DOS RÍOS (ARCE) DE CEDEIRA ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A004/000004

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.10.2026, que literalmente di:

"**Expediente:** 2026/A004/000004
Procedemento: Concesión subvención nominativa
Asunto: APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DOS RÍOS (ARCE) DE CEDEIRA ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.09.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e ASOCIACIÓN DOS RÍOS (ARCE) DE CEDEIRA, con CIF G70521745 para o ano 2026.

O 01.10.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 6.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 06.10.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 6.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

ano 2026 a favor da beneficiaria, a ASOCIACIÓN DOS RÍOS (ARCE) DE CEDEIRA, con CIF G70521745.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A004/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.10.2026, que literalmente di:

"**Expediente:** 2026/A004/000005
Procedemento: Concesión subvención nominativa
Asunto: APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA O ANO 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.09.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA con CIF G15812530 para o ano 2026.

O 02.10.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 11.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 06.10.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA" con CIF G15812530.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN ANPA "PICAPEIXE" DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/A004/000006

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.10.2026, que literalmente di:

"**Expediente:** 2026/A004/000006
Procedemento: Concesión subvención nominativa
Asunto: Aprobación anticipo subvención nominativa Asociación ANPA "Picapeixe" do CEIP Nicolás del Río para o ano 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18.09.2026, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación ANPA "Picapeixe" do CEIP Nicolás del Río para o ano 2026 para o ano 2026.

O 02.10.2026 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3232.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2026.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 06.10.2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3232.489.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, a Asociación ANPA "Picapeixe" do CEIP Nicolás del Río con NIF G15043193.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DEVOLUCIÓN AVAL DA OBRA "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDIN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS". EXPEDIENTE: 2023/C003/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.10.2026, que literalmente di:

"**Expediente:** 2023/C003/000001
Asunto: DEVOLUCIÓN AVAL DA OBRA "MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDIN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS"

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.07.2024 foi adxudicado o contrato de obras denominado "Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e outras" á empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. polo importe de **127.653,48** € (IVE incluído).

Con data *12.07.2024 a empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a copia electrónica da garantía definitiva mediante o aval núm. 0584303 de data 09.07.2024 da entidade BANKINTER polo importe de 5.274,94 € .*
Con data 10.04.2025 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 09.09.2026 (rex. entrada núm. 2026/999/2152) a empresa adxudicataria solicita a devolución da garantía definitiva depositada *mediante o aval núm. 0584303 de data 09.07.2024 da entidade BANKINTER polo importe de 5.274,94 €.*

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 28.09.2026, favorable á devolución da citada garantía.

Visto o informe da Tesourería Municipal de data 14.10.2026 que indica que obra na Tesourería aval de BANKINTER, S.A., con NIF A28157360, emitido o 9 de xullo de 2024 e inscrito no Rexistro Especial de Avales co número 0584303, por importe de CINCO MIL DOUSCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (5.274,94 €), depositado por LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A., con NIF A70124201, en concepto de garantía DEFINITIVA para responder da correcta execución da obra "Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e outras".

Visto o informe favorable da Interventora Municipal de data 15.10.2026.

Visto o artigo 111 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que indica: "*1. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.*

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

2. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración".

Considerando que, de conformidade co previsto na Disposición adicional segunda da LCSP 2017, é o Alcalde o órgano de contratación competente. Dita competencia foi obxecto de delegación polo Alcalde na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía número 345/2023 de 10 de xullo do 2023 (BOP número 135 de data 17 de xullo de 2023).

En base ao anterior esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar a devolución, a favor de LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A., con NIF A70124201, a garantía definitiva por importe de CINCO MIL DOUSCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (5.274,94 €), como consecuencia da adxudicación do contrato administrativo de "Mellora de firmes nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e outras", en cumprimento do establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, e o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a licitación de referencia, unha vez finalizada obra e visto o informe da Dirección de obra.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería municipais para que procedan á devolución da garantía definitiva prestada.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á entidade mercantil LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A., con NIF A70124201, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. DAR CONTA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 2ª DA CORUÑA, DE DATA 29.09.2026, NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4345/2025 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000010)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.10.2026, que literalmente di:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 2ª DA CORUÑA, DE DATA 29.09.2026, NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4345/2025 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000010)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sección 2ª da Coruña, de data 29.09.2026 (rex de entrada nº 202699900002362, de data 01.10.2026) en relación co Recurso de Apelación nº 4345/2025 de Construcciones Josapi SL contra o Concello de Cedeira, cuxo fallo di:

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

"(…) Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:
1) Desestimar el recurso de apelación interpuesto por el Concello de Cedeira CONCELLO DE CEDEIRA contra sentencia del Juzgado de lo Contencioso-administrativo n. 1 de Ferrol de fecha treinta y uno de julio de dos mil veinticinco dictada en PO 72 /2022
2) Sin costas
Notifíquese esta resolución a las partes e insértese en la colección legislativa.
Notifíquese la presente sentencia a las partes haciéndose les saber que contra ella puede interponerse recurso de casación ante la Sala Tercera del TS o ante la Sala correspondiente de este Tribunal Superior de Justicia de Galicia siempre que acredite interés casacional. Dicho recurso habrá de prepararse en el plazo de treinta días contados desde el siguiente al de la notificación de la resolución que se recurre en escrito en el que se dé cumplimiento a los requisitos del art. 89 de la ley reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa.
Para admitir a trámite este recurso al prepararse deberá constituirse en la cuenta de depósitos y consignaciones de este Tribunal el depósito al que se refiere la Disposición Adicional Decimoquinta de la Ley Orgánica 1/2009 de 3 de noviembre. (…)"

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentencia.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DAR CONTA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 3ª DA CORUÑA, DE DATA 08.10.2026, NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 7167/2026 DE TORRE NORTE GESTIÓN Y SERVICIOS SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000007)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.10.2026, que literalmente di:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 3ª DA CORUÑA, DE DATA 08.10.2026, NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 7167/2026 DE TORRE NORTE GESTIÓN Y SERVICIOS SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000007)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sección 3ª da Coruña, de data 08.10.2026 (rex de entrada nº 202600000003428, de data 13.10.2026) en relación co Recurso de Apelación nº 7167/2026 de Torre Norte Gestión y Servicios SL contra o Concello de Cedeira, cuxo fallo di:

"(…) *Desestimar el recurso de apelación que ha interpuesto la representante procesal de la sociedad mercantil "Torre Norte Gestión y Servicios, SL", contra el auto del titular de la plaza número Uno de la Sección de lo Contenciosoadministrativo del Tribunal de Instancia de Ferrol de 13.05.26, que*

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

desestimó la solicitud de suspensión de la solicitud que formuló al Ayuntamiento de Cedeira de expropiación por ministerio de la ley; en consecuencia, confirmamos el auto impugnado y le imponemos a la parte vencida el pago de las costas causadas en esta instancia a la entidad local, hasta un máximo de 1.000,00 euros.
Notifíquese a las partes haciéndole saber que la misma no es firme, y que contra ella, se podrá interponer recurso de casación establecido en el art. 86 y ss de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción ContenciosoAdministrativa, en su nueva modificación operada por la L.O. 7/2015, de 21 de julio por la que se modifica la L.O. 6/1985, de 1 de julio, por las personas y entidades a que se refiere el art. 89.1 de la Ley 29/1998, con observancia de los requisitos y dentro del plazo que en él se señala. Para admitir a trámite el recurso, al interponer deberá constituirse en la cuenta de depósito y consignaciones de este Tribunal (1578-0000-85-7167-26-24), el depósito al que se refiere la disposición adicional decimoquinta de la Ley Orgánica 1/2009 de 3 de noviembre (BOE num. 266-de 4/11/09), y, en su momento, devuélvase el expediente administrativo a su procedencia, con certificación de esta resolución. (…)"

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentencia.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 602/2026 DE 09.10.2026 DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO "CEDEIRA-MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE. CÓDIGO PE155A-2024-00111

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 602/2026 de data 09.10.2026, que di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO "CEDEIRA-MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE.
CÓDIGO PE155A-2024-00111

Expte. 2026/C002/000039

Mediante a Resolución da Consellería do Mar de data 08.07.2024 foi concedida unha axuda ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada polo GALP 1. A Mariña-Ortegal para o proxecto "CEDEIRA-MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SUDABLE", polo importe total de 61.674,72 € dividido en tres anualidades:

- anualidade 2024: 14.555,04 €
- anualidade 2025: 25.495,84 €
- anualidade 2026: 21.623,84 €

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

As actividades incluidas na anualidade 2026 que se realizarán son as seguintes, polas contías indicadas (IVE incluido):

Actividade 2. Accións de promoción: 3 notas prensa, 4 post, 4 banner estáticos: 1.295,84 €
Actividade 4. Obradoiros con escolares (4 obradoiros sobre hábitos de vida saudable): 3.993,00 €
Actividade 5: Certame escolar de estilo de vida saudable: 3.872,00 €
Actividade 6: Rutas guiadas para posta en valor territorio, alimentación sa e práctica do exercicio (4 saídas): 8.228,00 €

TOTAL: 17.388,84 €

Con data 22.09.2026 foron enviadas invitacións a tres empresas capacitadas para a execución das referidas actividades, e recibíronse as seguintes dentro do prazo establecido:

EMPRESA CIF/NIF	**REX. ENTRADA E DATA**	**CONCEPTO**	**IMPORTE SEN IVE (€)**	**IVE (21 %)**	**IMPORTE TOTAL (IVE INCL) (€)**
GOODLIFE FACTORY, S.L. CIF B70534573	2026/999/2296 24.09.2026	Actividades incluidas no proxecto CEDEIRA MAR DE VIDA. Anualidade 2026	14086,00	2958,06	**17004,06**
MICE GALICIA, S.L. CIF B70457999	2026/999/2312 28.09.2026	Actividades incluidas no proxecto CEDEIRA MAR DE VIDA. Anualidade 2026	14143,00	2970,03	**17113,03**
SISTEMA DISEÑO Y PRODUC GRÁFICA S.L. CIF B15272438	2026/999/2302 25.09.2026	Actividades incluidas no proxecto CEDEIRA MAR DE VIDA. Anualidade 2026	14370,94	3017,90	**17388,84**

Con data 07.10.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.004,06 € (IVE incluido).

Consta no expediente o informe de retención de crédito de data 07.10.2026 emitido pola Intervención municipal, polo mesmo importe.

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións a adxudicación do contrato aos efectos de que se inicie a execución do servizo á maior brevidade posible, xa que ao estar financiada con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia hai que cumprir co prazo de xustificación, sendo éste o vindeiro día 31 de outubro de 2026.

Atendido que por razóns de eficacia, sinaladas no parágrafo anterior, fan conveniente avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato menor de servizos de referencia no alcalde como órgano delegante.

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

1.- **Avocar** a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFo11q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

réxime xurídico do Sector Público, baseado na necesidade de iniciar a execución do contrato á maior brevidade posible.

2.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.

3.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a GOODLIFE, S.L., con CIF B70534573, o servizo de execución de actividades incluidas no proxecto "Cedeira-Mar de vida: promoción do produto mariñeiro como fonte de saúde e hábitos de vida saudable" (código PE155A-2024-00111), de acordo co presuposto núm. 2026/50 de data 23/09/2026 e a oferta económica presentada con data 24/09/2026 (R.E. 2026/999/2296) polo importe de **14086,00 € e 2958,06 € en concepto de IVE (total 17004,06 € incluído o IVE),** con cargo á aplicación orzamentaria 334.22799.

4.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

5.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

6.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice."

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

10.1 ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2026 E LIQUIDACIÓN, E CAMBIO DE TITULARIDADE. EXP: 2026/X999/000325

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 14.10.2026, que literalmente di:

"**INFORME- PROPOSTA**

Asunto: ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2026 E LIQUIDACIÓN, E CAMBIO DE TITULARIDADE.
EXP: 2026/X999/000325.

ANTECEDENTES
Enderezo:
Ref. catastral:
Nº fixo recibo: 253000648185
Exercicios: 2026

Primeiro. En data 07.10.2026, con nº de rexistro 202699900002403, Oscar Moya Herreros, con NIF en representación de Unión de Créditos Inmobiliarios S.A.EFC, con CIF A39025515, solicita a anulación do recibo da taxa polo servizo de recollida de residuos do exercicio 2026, liquidación ao actual propietario e o correspondente cambio de titularidade de dito recibo.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2026, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021.

III. Feito impoñible

O artigo 2 da norma municipal define o feito impoñible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : "Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación".

V. Inscrición e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: "Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda".

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmoble para os exercicios 2026, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicios2026, por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000648185	20263515022RL01R00361 8			UNIÓN DE CRÉDITOS INMOBILIARIO S S.A.EFC	A39025515	2026

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000648185	20263515022RL01R00361 8			UNIÓN DE CRÉDITOS INMOBILIARIO S S.A.EFC	A39025515	2026

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2026, ao titular que consta nos datos do Catastro á data de deivindicación da taxa.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

10.2 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26". POS+2024. Nº Expediente: 2025/C003/000009

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.10.2026, que literalmente di:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26". POS+2024

Nº Expediente: 2025/C003/000009

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26", segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en xaneiro de 2026, cun orzamento que ascende á cantidade de 67.555,12 € IVE incluído.

O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2024), e foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 86/2026 de 6 de febreiro, logo de resultar favorable a supervisión realizada polos servizos técnicos da Deputación Provincial. Con posterioridade, en data 26.06.2026 recibiuse a Resolución da Deputación Provincial pola que se toma coñecemento da aprobación polo Concello do referido proxecto.

A actuación que se pretende é a creación dun espazo verde dotado do mobiliario urban e elementos de xardineiría para revitalizar o espazo existente na rúa Silva, 26, ubicada no Concello de Cedeira, para que se convirta nunha zona de reunión e descanso, eliminando a "mediana axardinada" existente e dotando á superficie afectada dun espazo verde con vexetación axeitada, mobiliario urban e una pérgola de protección das inclemencias meteorolóxicas.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000009:

- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 07.02.2024.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 07.02.2024 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria acctal. do Concello.
- Proxecto técnico de xaneiro de 2026, redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento que ascende á cantidade de 67.555,12 € IVE incluído.
- Providencia da Alcaldía de data 06.10.2026 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 15.10.2026 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 15.10.2026.
- Acta de replanteo previo de data 16.02.2026

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

- Informe xurídico favorable, de data 15.10.2026
- Informe de fiscalización favorable, de data 16.10.2026

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á aprobación do expediente de contratación aos efectos de que se inicie a obra á maior brevidade posible, xa que ao estar financiada con cargo ao Plan de obras e servizos da Deputación Provincial da anualidade 2024 (POS+2024), dispónse dun prazo curto para xustificar a súa execución.

Atendido que por razóns de eficacia, sinaladas no parágrafo anterior, é conveniente tratar este asunto fóra da orde do día da Xunta de Goberno Local,

Por todo o exposto, **propoño á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, para o proxecto denominado "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26".

2. Autorizar, en contía de 67.555,12 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 171.609.00 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio económico 2026.

3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26" por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, asinado pola Alcaldía con data 15.10.2026.

4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de VINTE E SEIS (26) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10.3 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN "AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL". POS+ADIC 2 2026. Nº Expediente: 2026/C003/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.10.2026, que literalmente di:

"**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN "AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL". POS+ADIC 2 2026

Nº Expediente: 2026/C003/000005

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL" , segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en xuño de 2026, cun orzamento que ascende á cantidade de 77.920,06 € IVE incluído (Prezo sen IVE 64.396,74 €; IVE 13.523,32 €).

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+ADICIONAL 2/2026), e foi aprobado inicialmente polo Pleno na súa sesión de data 04.02.2026 e emendado posteriormente debido a un requirimento da Deputación Provincial. O proxecto emendado foi asinado dixitalmente con data 15.06.2026 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica; foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 403/2026 de 1 de xullo; e ratificado polo Pleno da corporación na súa sesión de data 30.07.2026.

A actuación que se pretende é é a reforma e ampliación do parque infantil existente no Parque do Floreal.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2026/C003/000005:

- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 29.01.2026.
- Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 30.01.2026.
- Proxecto técnico de xuño de 2026, redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento que ascende á cantidade de 77.920,06 € IVE incluído.
- Providencia da Alcaldía de data 06.10.2026 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 14.10.2026 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 14.10.2026.
- Acta de replanteo previo de data 15.10.2026
- Informe xurídico favorable, de data 14.10.2026
- Informe de fiscalización favorable, de data 16.10.2026

Atendida a necesidade de proceder sen dilacións á aprobación do expediente de contratación aos efectos de que se inicie a obra á maior brevidade posible, e atendido que por razóns de eficacia, é conveniente tratar este asunto fóra da orde do día da Xunta de Goberno Local,

Por todo o exposto, **propoño á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, para o proxecto denominado “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL”.

2. Autorizar, en contía de 77.920,06 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 171.635.00 do estado de gastos do orzamento municipal para o exercicio económico 2026.**.**

3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL” por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, asinado pola Alcaldía con data 14.10.2026.

4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de VINTE E SEIS (26) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:05 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE	O SECRETARIO
PABLO DIEGO MOREDA GIL	FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

CVD: qQAwXFEKeHsQPMFol1q2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR Francisco Javier Zunzunegui Vázquez (FECHA: 19/10/2026 11:39:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 19/10/2026 11:50:00)
Versión imprimible
CVD: MyF5BPzW+vwkfSvCmp5z Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/